

# CONTRATO DE TRABALLO DOMÉSTICO

En réxime externo

## DATOS DA PARTE EMPREGADORA

NOME E APELIDOS	DNI/NIE/PASAPORTE

## DOMICILIO DE PRESTACIÓN DOS SERVIZOS

## DATOS DO/A TRABALLADOR/A

NOME E APELIDOS	DNI/NIE/PASAPORTE

## **CONVEÑEN**

En realizar un contrato de traballo doméstico de acordo coas seguintes

## **CLÁUSULAS**

**PRIMERA:** A traballadora contratada prestará os seus servizos como empregada do fogar, no domicilio situado en \_\_\_\_\_, en réxime externo, obligándose a realizar as tarefas domésticas<sup>1</sup> \_\_\_\_\_

**SEGUNDA:** A relación laboral iniciarase con data \_\_\_\_\_ e o contrato é:

Indefinido:  Temporal:

A duración do contrato temporal estenderase até \_\_\_\_\_

**TERCEIRA:** Establécese un período de proba de<sup>2</sup> \_\_\_\_\_

**CUARTA:** A xornada de traballo será de \_\_\_\_\_ horas semanais, prestadas de \_\_\_\_\_ cos descansos establecidos legalmente.

A distribución do tempo de traballo<sup>3</sup> é: \_\_\_\_\_

<sup>1</sup> Indicar as tarefas a realizar: limpeza do domicilio, cociña, coidado de nenas/os, coidado de persoas en situación de dependencia, outras ....

<sup>2</sup> Terá que respectarse, en todo caso, o disposto no artigo 14.1 do Estatuto dos Traballadores, non podendo superar dous meses.

<sup>3</sup> Concretar o horario de traballo efectivo e descansos pactados entre as partes. Se ao longo da xornada hai un descanso para comer, debe especificarse e pode non ser retribuído, pero nese caso a traballadora tería dereito a ausentarse do domicilio durante o descanso da comida. No caso de que teña que permanecer no domicilio deberá retribuirse.

**QUINTA:** O salario correspondente a \_\_\_\_\_ horas semanais será de \_\_\_\_\_ € mensuais.

**SEXTA:** Tempo de presenza

- Non se acorda a prestación de horas de presenza ou  
 Acórdase a prestación de \_\_\_\_\_ horas de presenza semanais, que se prestarán durante
- 

O tempo de presenza será obxecto de retribución ou compensación do xeito seguinte<sup>4</sup>:

- Compensación con períodos equivalentes de descanso retribuídos<sup>5</sup>  
 Retribución de \_\_\_\_\_ € cada hora<sup>6</sup>  
 De calquera dos xeitos anteriores

**SÉTIMA:** Pernoctas

- Non se acorda que a empregada do fogar pernoite no domicilio do/a empregador/a  
 O réxime das pernoctas<sup>7</sup> será de \_\_\_ noites á semana/mes que se retribuirán a \_\_\_\_\_ € cada unha.

**OCTAVA:** As horas de traballo que se realicen fóra da xornada ordinaria retribuiránse como horas extraordinarias<sup>8</sup> a razón de \_\_\_\_\_ € a hora.

**NOVENA:** A traballadora terá 30 días anuais de vacacións. A falta de acordo sobre a data de disfrute, cada parte decidirá cando se desfrutan 15 días. En calquera caso, ambas partes acordarán as datas ao menos con 2 meses de antelación.

**DÉCIMA:** Retribución en especie<sup>9</sup>.

- Non se pactan retribucións en especie  
 As retribucións en especie consistirán en<sup>10</sup> \_\_\_\_\_.

**UNDÉCIMA:** A coantía de cada unha das pagas extraordinarias<sup>11</sup> de xuño e decembro será de \_\_\_\_\_ €.

---

**DUODÉCIMA:** No non previsto neste contrato, estarase á lexislación vixente que resulte de aplicación e, particularmente, ao Real Decreto 1620/2011, do 14 de novembro, polo que se regula a relación laboral de

---

<sup>4</sup> Sinálese o que proceda

<sup>5</sup> De optar por esta modalidade, concretar a forma e o momento no que se compensarán as horas de presenza pactadas

<sup>6</sup> Acordar un prezo para a hora de presenza, tendo en conta que legalmente a contía non poderá ser inferior á correspondente ás horas ordinarias

<sup>7</sup> Concretar o horario da pernocta, a súa compensación no caso de non respectar o mínimo legal de 12 horas de descanso entre xornadas e o valor económico que se lle atribúe ao mesmo.

<sup>8</sup> Acordar e fixar un prezo a cada hora extraordinaria

<sup>9</sup> As retribucións en especie non poderán ser superiores ao 30% das retribucións totais da traballadora. Deberá garantirse o pago en cartos da contía do SMI en cómputo mensual en proporción á xornada.

<sup>10</sup> Para o suposto de que se abone salario en especie, determíñese a cantidade a descontar sobre o salario total e o valor de cada concepto polo que se practica a dedución: almorzo, comida, cea e/ou aloxamento. O aloxamento tamén pode ser salario en especie áinda que cando exista obriga de pernocta non debería realizarse desconto algún por ese concepto.

<sup>11</sup> As pagas extraordinarias non poden ser inferiores ao salario mínimo interprofesional en metálico.

carácter especial do servizo de fogar familiar e, supletoriamente, e no que resulte compatible, o Estatuto dos Traballadores aprobado polo RD Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo (BOE do 29 de marzo).

**CLAÚSULAS ADICIONAIS:**

E para que así conste esténdese este contrato por triplicado exemplar no lugar e data a continuación indicados, asinando as partes interesadas:

En \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ do \_\_\_\_\_

O/A traballador/a

Titular/es do fogar